



19ª Edición

CONSIDERACIÓNS XERAIS

Somos conscientes da imposibilidade de ter en conta todas e cada unha das circunstancias que rodean a unha obra, e non pretendemos que os prezos teóricos que aquí se obteñan e os que o mercado ofrece sexan iguais, pois non é viable controlar todas as variables que inflúen nos mesmos, sendo posible que nalgúns casos as diferenzas poidan chegar a ser representativas.

Isto non invalida a Base. Máis aínda, de observarse diferenzas, convértese nunha guía e instrumento de consulta que, aplicando aqueles factores modificativos que en cada caso poidan intervir, permite adoptar como referencia os datos da propia Base.

Nesta edición séguese realizando un esforzo importante na súa vertebración e na estruturación dos prezos, desenvolvéndose en forma paramétrica para unha maior comodidade e manexabilidade do proxectista. Así mesmo, incidiuse nos sistemas construtivos máis habituais na nosa rexión, considerando materiais e técnicas específicas propias, e discriminando a man de obra de cada provincia para unha maior adaptación dos prezos á realidade.

Esperamos que os labores continuos de actualización, ampliación e perfeccionamento da Base redunden na adaptación dos seus contidos ás necesidades e expectativas tanto dos usuarios de edicións anteriores, como daqueles que se asoman por primeira vez a esta obra, a quen pido desculpas por anticipado por cantos erros puidésemos cometer, e de quen espero todas aquelas suxestións e críticas que nos permitan mellorar esta ferramenta en edicións sucesivas.

Por último, debemos destacar que esta Base de Datos non pretende suplantar en ningún momento ao técnico prescritor, senón ser unha ferramenta de axuda na súa labor, correspondendo a este analizar e valorar as condicións particulares de cada obra, a dificultade de execución e o nivel de calidade esixido.

BASE DE DATOS DA CONSTRUCCIÓN DE GALICIA

Tras un profundo traballo de actualización, ampliación e perfeccionamento dos seus contidos, sae á luz esta 19ª edición da Base de Datos da Construción de Galicia (BDC Galicia) correspondente co 1er Semestre de 2024 [BDCG19-1S], promovida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), en virtude dos diferentes Convenios de Colaboración subscritos co Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) desde o ano 1993. Aos cales, durante o período de 2023-2026, entran a formar parte a Consellería de Infraestruturas, a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e a Federación Galega da Construción (FGC).



19ª Edición

1. CONTIDO

A BDC Galicia contén os prezos básicos – maquinaria, man de obra, produtos e materiais e unha parte importante das unidades de obra empregadas en edificación, urbanización-obra civil, restauración-rehabilitación, seguridade-saúde laboral e mantemento. A maioría destes prezos levan asociados textos e pregos de condicións.

Nas últimas edicións da BDCG correspondentes aos dous semestres de 2023 e a este primeiro semestre de 2024, realizouse a actualización de prezos de materiais e man de obra, tal e como se viña facendo con anterioridade, pero agora de forma semestral coa finalidade de reflectir con maior fidelidade a fluctuación de prezos existente no mercado actual:

A continuación detállanse as novidades incorporadas:

- Integración da Base de Datos da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), o que conleva unha reestructuración completa da área de Urbanización e Obra Civil. A incorporación da devandita base de datos supón a actualización e a incorporación dun gran número de unidades de obra. Todo iso en base ao “Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para Obras de Carreteras y Puentes (PG-3), ao “Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para Obras de Conservación de Carreteras (PG-4) y de Prescripciones Técnicas Generales para Obras de Construcción) e ás Ordes Ministeriais, Circulares e demais normativa de aplicación.
 - Revisión do capítulo “Acondicionamento do terreo” e incorporación de novas unidades de obra relativas a traballos de demolición, roza e limpeza.

Así como reestructuración e nova parametrización de unidades de obra relativas a desmontes, escavacións e recheos. Incorporación nalgúns casos de maquinaria máis eficiente e sostible (p.e. Ripper excéntrico en escavacións en roca).

Incorporación de novas variables de tubaxes de drenaxe (tipos e diámetros), así como novas unidades de obra de cunetas, caces e ríogolas.
- Reestructuración do capítulo “Cimentacións”, onde quedan incorporados elementos de contención e cimentacións profundas.
- Revisión do capítulo “Estruturas” e reestructuración en estruturas de formigón “in situ”, estruturas de formigón prefabricadas e estruturas metálicas. Nova parametrización de encofrados de madeira, incorporación de novos tipos de impermeabilizacións e xuntas, e probas de carga en viadutos.
- Revisión e reestructuración do capítulo “Firmes e pavimentos”. Incorporación de novas unidades relativas a actuacións previas (demolición e preparación de superficie). Actualización e incorporación de novas unidades de obra relativas a capas granulares e gravas tratadas, betumes, formigóns bituminosos, emulsións asfálticas e tratamentos superficiais. Así como a incorporación de reciclaxe de firmes e a ampliación de tipos de firmes continuos.



19ª Edición

- E reestructuración do capítulo “Firmes e pavimentos”. Incorporación de novas unidades relativas a actuacións previas (demolición e preparación de superficies). Actualización e incorporación de novas unidades de obra relativas a capas granulares e gravas tratadas, betumes, formigóns bituminosos, emulsións asfálticas e tratamentos superficiais. Así como a incorporación de reciclaxe de firmes e a ampliación de tipos de firmes continuos.
- O capítulo existente de “Sinalización e equipamento” pasa a reestructurarse en dous: por unha banda “Sinalización, balizamento e defensas” o cal pasa a incluír, ademais das unidades de sinalización existentes, novas unidades para sinalización, balizamento e defensa e contención de vehículos. Doutra banda, o subcapítulo de “Mobiliario urbano” queda recolocado e completado con novas unidades nun novo capítulo nomeado como “Equipamento urbano”.
- Revisión do capítulo de “Instalacións”, incorporando unidades novas e actualizando as unidades existentes mediante a incorporación de novos parámetros e características técnicas.
- Reestructuración completa do capítulo de Xardinería, baseada na idoneidade das especies vexetais conforme ao cumprimento de especies autóctonas incluídas no Catálogo de Flora Vascular Galega (Xunta de Galicia) e as especies non incluídas na “Ley 3/2007, de prevención y defensa contra incendios forestales de Galicia”. Os tipos de especies quedan recollidas en tres tipoloxías (árboles, arbustos e matas) co fin de facilitar a súa localización.
- Incorporación do capítulo Medidas ambientais (barreiras e filtros, medidas de limpeza, protección de flora e fauna, pantallas acústicas). Ampliación do capítulo Xestión de Residuos coa incorporación de novas unidades de obra relativas ao tratamento de distintas clases de residuos.
- Revisión completa do capítulo “Control de Calidade” tendo en conta a información actualizada facilitada pola Asociación de Laboratorios de Galicia (ALAGAL). Incorporación de novos ensaios e actualización de normativa de aplicación.
- Revisión de contidos e redacción de novas unidades de obra da área de Edificación, entre as que cabe destacar:
 - Revisión e actualización de todas as unidades de obra que se ven afectadas polo Código Estrutural aprobado polo Real Decreto 470/2021, do 29 de xuño, e que derroga ás antigas “Instrucción de Acero Estructural (EAE) e á “Instrucción de Hormigón Estructural (EHE-08).
 - Incorporación de novas unidades e actualización e revisión das existentes nos capítulos de “Estruturas” (encofrados).
- Incorporación de nova maquinaria, especialmente a empleada en obra civil.
- Actualización e redacción de novas unidades de obra relativas a “Seguridade e Saúde Laboral”, entre as que cabe destacar:
 - Incorporación de novas proteccións colectivas contra contactos eléctricos e contra incendios e novas proteccións individuais para cabeza e integrais.



19ª Edición

- Incorporación de nova sinalización viaria.
- Revisión completa dos Pregos de Condicións asociados aos distintos capítulos e unidades de obra da BDCG co obxecto de realizar as actualizacións necesarias conforme á normativa vixente, tendo en conta especialmente as modificacións do Código Estrutural aprobado por Real Decreto 470/2021, do 29 de xuño.

Facendo especial fincapé na revisión e actualización da normativa relativa a Marcado CE. De maneira que se actualiza a faceta “Compoñentes, subministración e recepción” dos pregos asociados aos distintos capítulos que forman parte da BDCG.

Está dispoñible on-line a través de www.presupuesta.com, onde o usuario pode consultar e descargar a BDC Galicia en formato FIEBDC clasificada segundo as NTE, tanto en castelán como en galego.

Asociados á base de prezos poden atopar os seguintes documentos adicionais:

- Relación de normativa
- Marcado CE
- Índices de revisión de prezos

2. DESCRICIÓN DA BDC GALICIA

2.1 INFORMACIÓN ASOCIADA

2.1.1 Textos

Cada concepto incluído na BDC Galicia, definido polo seu código, leva asociados un resumo ou texto abreviado e unha descrición. O texto abreviado indica de forma resumida as características principais de cada concepto, o que permite a súa fácil localización.

O texto descritivo especifica as características técnicas dos materiais, a maquinaria, os sistemas de posta en obra, os traballos complementarios e a normativa, incluíndose todos os elementos necesarios para que o produto ou unidade de obra, quede totalmente definida.

2.1.2 Descomposicións

Todas as unidades de obra contidas nas áreas de edificación, urbanización, restauración e rehabilitación, seguridade e saúde laboral e mantemento teñen asociada unha descomposición, onde figuran de forma detallada todos os conceptos (prezos simples, prezos auxiliares e man de obra) coa cantidade (rendemento) coa que interveñen na unidade de obra.

2.1.3 Unidades de Medida

As unidades legais de medida establécense polo SI, segundo o Real Decreto 2032/2009, do 30 de decembro, modificado polo Real Decreto 493/2020, do 28 de abril. De acordo co mesmo, a simboloxía adoptada é a seguinte:

m	metro
m2	metro cadrado
m3	metro cúbico
dm2	decímetro cuadrado
dm3	decímetro cúbico
cm2	centímetro cuadrado
cm3	centímetro cúbico
kg	kilogramo
t	tonelada
N	Newton
km	kilómetro
l	litro
h	hora
d	día

Seguindo un criterio parecido incorpóranse tamén os seguintes símbolos:

u	unidade
mu	mil unidades
cu	cen unidades
mes	mes
a	ano, área

2.1.4 Pregos de Condicións

Os pregos basean o seu contido na normativa de obrigado cumprimento (CTE, RITE etc.), documentos de idoneidade técnica, selos de calidade, etc. Na súa redacción, cando non foi posible a localización de normativa oficial, seguíronse as instrucións dos fabricantes.

A Normativa incluída nos Pregos de Condicións indícanse, en xeral, sen anos e sen facer referencia ao BOE, R.D., etc, nin a derogacións, salvo as UNE que aparecen na seguinte normativa, na que prevalecerá o ano ao que se fai referencia na mesma.

CTE “Código Técnico de la Edificación”.

NCSE “Norma de Construcción Sismorresistente”

RD.470/2021 (CE) “Código Estructural”

Os pregos de condicións están asociados, por medio do seu código, aos dous últimos niveis xerárquicos nos que se estrutura a base, de forma que van desde as descrições máis xerais ás máis particulares sen duplicar a información en cada nivel.

Nesta edición continuouse coa adaptación de contidos ás novas normativas.

En función dos conceptos elixidos ao confeccionar un orzamento xérase o prego correspondente.



19ª Edición

2.2 PREZOS PARAMÉTRICOS

Para incluír todos os materiais, produtos e sistemas que existen no mercado de forma que a base sexa manexable, a BDC Galicia utiliza o concepto de parametrización tanto na definición de prezos simples como de unidades de obra, proporcionando un volume de información superior ao das bases de datos tradicionais e posibilita ao usuario o confeccionar o seu concepto particular.

Así, créanse conceptos paramétricos que constitúen todos aqueles prezos susceptibles de ser definidos por unha ou por varias variables representativas que poden tomar distintas opcións, e que unha vez fixados os valores das devanditas opcións, permiten obter o prezo desexado do concepto coa súa composición habitual.

Isto facilita o labor do proxectista, xa que só debe elixir os parámetros que desexa fixar e xerar así o prezo simple ou composto elixido. O técnico deberá modificar o mesmo segundo as condicións particulares de cada obra e a súa experiencia particular.

O número máximo de parámetros empregado en cada concepto é de catro, e cada un deles pode adoptar ata 26 valores diferentes, de forma que unha soa matriz podería xerar 456.976 prezos.

2.3 FORMATO DE INTERCAMBIO ESTÁNDAR FIEBDC


A BDC Galicia axústase ás especificacións do Formato de Intercambio Estándar de Bases de Datos da Construción (FIEBDC), definido polos máis importantes desarrolladores de bases de datos e programas informáticos de España, garantindo así a súa compatibilidade con todos os programas de orzamentos e medicións existentes no mercado.

Para obter máis información acerca deste formato poden dirixirse a <http://www.fiebdc.es>

2.4 ESTRUCTURA E CLASIFICACIÓN

Desde a primeira edición, o sistema de clasificación da BDC Galicia está baseado nas Normas Tecnolóxicas NTE, que permiten asignar un código alfanumérico, de fácil memorización, a todos os conceptos incluídos na BDC Galicia. Estes conceptos, ao estar ordenados alfabeticamente localízanse de forma rápida e intuitiva.

A información estrutúrase de forma xerárquica en catro niveles: área, capítulo, subcapítulo e familia.



2.5 CODIFICACIÓN DOS PREZOS

Na clasificación segundo a NTE o sistema de codificación dos prezos, estrutúrase en tres bloques, e resulta ao final un código de 10 caracteres:

- Bloque 1: Comprende ata catro caracteres clasificados en niveis de distinta denominación. Área, capítulo, subcapítulo e familia.
- Bloque 2: Comprende dous caracteres ocupados por un número dunha ou dúas cifras, que establecen unha orde entre os diversos conceptos dun primeiro bloque común.
- Bloque 3: Comprende ata catro caracteres ocupados por outras tantas letras minúsculas que responden os parámetros do concepto.

Bloque 1				Bloque 2		Bloque 3			
E	F	F	C	2	4	b	a	c	c
Edificación	Fachadas e Particións	Fábricas	Cerámica	Nº de Orde		Folla exterior	Trasdosado	Ilamento	Folla interior



19ª Edición

2.6 CRITERIOS DE ELABORACIÓN

Estimamos que será clarificador para o usuario desta base, ter en conta os criterios de partida para a redacción da mesma.

En primeiro lugar, é necesario sinalar, dada a imposibilidade de ter en conta todas as circunstancias particulares que impón o mercado, que os prezos que contén esta base serán considerados como de referencia, polo que as diferenzas existentes entre os prezos do mercado e os desta base poden chegar a ser considerables.

Devanditos prezos refírense a unha obra de edificación que poderíamos denominar “tipo”. Entendemos como obra tipo aquela en a que o emprazamento non presente problemas de acceso, nin dos diversos subministros, de dimensións medias e con características construtivas habituais no ámbito da nosa Comunidade Autónoma. En definitiva, responde a unha aplicación estatística baseada na experiencia e na exhaustiva sondaxe do mercado, realizado este último polos nosos equipos de desenvolvemento.

A unidade monetaria utilizada é o euro. Para unha maior simplificación e claridade nos textos, esta unidade non aparece especificada despois da cifra correspondente a cada importe.

2.6.1 Prezos básicos

Os prezos de elementos básicos obtivéronse a partir das tarifas facilitadas por diversos provedores e fabricantes da nosa Comunidade na súa maior parte, e por provedores nacionais en casos concretos.

Non se tivo en consideración para o desenvolvemento dos prezos o Imposto sobre o Valor Engadido.

2.6.2 Man de obra

Os custos de man de obra obtivéronse segundo os convenios, táboas salariais e calendarios laborais establecidos para a construción, o metal e a xardinería.

Para confeccionar as táboas salariais da construción e o metal consideráronse os convenios colectivos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, e para elaborar a táboa salarial de xardinería considerouse o convenio estatal.

O cálculo da man de obra correspondente a construción obtívose tendo en conta os convenios provinciais do 2022-2026 para as provincias da Coruña e Ourense e 2023-2026 para Lugo, tendo en conta en todos os casos as táboas salariais do 2024. No caso de Pontevedra, tívose en conta a Resolución do 1 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica a Acta da Comisión Paritaria do VII Convenio colectivo xeneral da construción na que se acordan as táboas salariais do Convenio colectivo de traballo da industria da construción e obras públicas da provincia para 2022 e 2023.

Con respecto á man de obra dos instaladores e do metal téñense en conta as últimas revisións dispoñibles dos convenios provinciais do 2020-2025 para a Coruña, 2022-2025 para Lugo, 2022-2024 para Ourense e 2023-2025 para Pontevedra, tendo en conta en todos os casos as táboas salariais do 2024.



19ª Edición

A man de obra relativa a xardinería calculouse en base ao Convenio Estatal 2021-2024, tendo en conta a táboa salarial do 2024.

Na BDC Galicia pódese optar polos prezos específicos de cada provincia ou pola media das catro provincias seleccionando o ámbito xeográfico.

O custo horario calculouse partindo do articulado nos convenios, que comprende conceptos retributivos, sociais, gratificacións, indemnizacións etc.

De forma máis detallada o custo horario da man de obra inclúe a parte proporcional de:

- Custos salariais suxeitos a cotización pola Seguridade Social (salario base, gratificacións extraordinarias, vacacións, aportación ao plan de pensións e complementos salariais establecidos por convenio).
- Custos exentos de cotización pola Seguridade Social (complementos extrasalariais, indemnización ou suplidos, gastos en transporte e dietas, seguro colectivo de accidentes)
- Cotizacións da empresa á Seguridades Social (continxencias común, accidentes de traballo, desemprego, fondo de garantía salarial, formación profesional, mecanismo de equidade interxeracional e aportacións á Fundación Laboral da Construción. Todas elas aportacións establecidas pola lei que o empregador/empresa debe facer á Seguridade Social en favor dos seus empregados.

2.6.3 Medios de axuda

No custo do emprego da maquinaria tivéronse en conta os seguintes conceptos:

- Valor de adquisición
- Valor residual
- Período de amortización
- Horas traballadas por ano
- Prezo e consumo de combustibles e aceites
- Custos anuais de almacenaxe e mantemento de equipos
- Custos da man de obra do maquinista

Obtívose deste xeito un custo unitario de utilización da maquinaria, que por outra banda se comprobou co seu custo de alugueiro.

2.6.4 Custos directos complementarios

Por último, tívose en conta, como en toda base de datos da construción, a incidencia dos medios auxiliares que é necesario achegar á execución e que comprenderá o desgaste e a amortización dos mesmos.

Os devanditos medios veñen cuantificados nesta base de datos en tanto por cento sobre o custo de materiais e man de obra empregados na unidade de obra e dependendo en cada caso do tipo de unidade de obra.

O seu valor oscila entre o 1% e o 5%, segundo as circunstancias de cada unidade.



19ª Edición

2.6.5 Unidades de obra

O cálculo de presos das distintas unidades de obra axústase ao estipulado no “Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (artículo 130)”.

Como criterio de cuantificación para a confección dos prezos seguiuise o de incorporar a cada un deles os custos que inciden especificamente sobre el. En consecuencia, considéranse como custos para o cálculo dos prezos:

- a) Os materiais ou unidades elementais co seu prezo de tarifa ou recomendado, para material posto en obra, na cantidade que sexa necesaria para a súa execución.
- b) A man de obra coas súas cargas e seguros sociais, que interveña de forma directa na execución da unidade de obra, e que sen a mesma sexa imposible a súa realización.
- c) custo de utilización da maquinaria específica e de imputación directa, para executar a unidade de obra, en determinado período de tempo.
- d) Os medios auxiliares necesarios para a execución da citada unidade.

Non se inclúen neste criterio de cuantificación nin os gastos xerais de empresa nin os relativos a cada obra en particular.

Derivado da nova incorporación da base de presos de obra civil da Axencia Xeral de Infraestructuras (AXI) consideramos necesario aclarar que no prezo descomposto dalgunhas unidades non se inclúen certos materiais debido ás seguintes razóns:

- Cimentacións (muro pantalla, pilotes e micropilotes):
Mentres que en muros pantalla de formigón “in situ” non se inclúe nin o formigón nin as armaduras, en pilotes e micropilotes non se inclúe o aceiro.

Esto é debido a que se tivo en conta que en moitas ocasión o armado e montaxe da ferralla realízase de forma independente. Por este motivo créanse unidades de aceiro en camisa perdida e aceiro en armadura tubular para micropilotes que complementan as unidades anteriores. Desta maneira é posible valorar por unha banda a perforacións de pilotes e micropilotes e por outro a elaboración e montaxe da ferralla necesaria.

Do mesmo xeito valórase de forma independente o transporte, montaxe e retirada dos equipos necesarios.
- Estruturas de formigón “in situ”.
Desarróllanse diferentes unidades de obra referentes a aceiro e formigón.
- Firmes e pavimentos.
En gravas tratadas,exclúese o cemento e en formigóns bituminosos non se inclúe o betume, baseándonos en que o “Pliego para Prescripciones Técnicas Generales para obras de Carreteras y Puentes (PG-3) fixa dotacións mínimas, sendo o proxectista e/ou director de proxecto quen pode fixar outras iguais ou superiores.

Por este motivo créanse unidades independentes de cemento para solos estabilizados e chan-cemento e de diferentes tipos de betumes asfálticos que complementan as unidades anteriores.



19ª Edición

VALIDACIÓN DAS VERSIÓNS

Arktec

Cype

Procuno

Professional Software

Tool

EDITA

Instituto Tecnolóxico de Galicia

Cantón Grande 9, Planta 3

15003. A Coruña

Tel.: 981173206

e-mail: itg@itg.es | gestionusuarios@presupuesta.com

www.itg.es | www.presupuesta.com | www.breeam.es